



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Setembro 2017**

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2017

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Setembro 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou en Galicia un 1,1% en setembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,1 puntos menos que en España (2,2%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 1,3% e o Resto de produtos do 0,9%.
- Todas as comunidades autónomas incrementan as súas vendas minoristas. Galicia ocupa a terceira posición entre as comunidades con menor crecemento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 3,1% no mes de setembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,0 puntos menos que en España (4,1%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,8% en Galicia e o 1,6% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de setembro. Galicia ocupa a oitava posición entre as comunidades con maior crecemento.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Setembro 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	93,0	1,1	2,3
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	90,8	0,7	2,0
<b>Alimentación</b>	90,3	1,3	0,4
<b>Resto</b>	91,0	0,9	3,5

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	0,7	2,0
Xeral sen estacións de servizo	0,3	0,1
Alimentación	0,4	1,9

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 1,1% no mes de setembro. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do 2,2%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 0,7% respecto a setembro de 2016. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 1,3% e achega 0,3 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 3,4%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 0,9% e achega 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional crecen o 2,0%.

No que vai de ano, as vendas incrementáronse un 2,3% en Galicia e un 1,2% en España. Desagregando por produtos, as vendas en Alimentación aumentaron máis en España (2,3%) que en Galicia (0,4%) mentres que no Resto creceron máis as vendas en Galicia (3,5%) que a nivel nacional (1,1%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en setembro. Os maiores incrementos danse en Aragón (5,4%), Navarra (4,4%) e Canarias (4,1%).

Os menores crecementos rexístranse en Castilla – La Mancha (0,6%), Cataluña e Galicia (ambas as dúas 1,1%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro 2017

#### Taxas de variación en %




No que vai de ano, Canarias (3,3%) e Illes Balears (3,0%) rexistran os maiores incrementos mentres que en dúas comunidades diminúen as vendas: Extremadura (-0,2%) e Cataluña (-0,1%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de setembro de 2017, un incremento do 3,1% en Galicia, un punto menos que España (4,1%).

O crecemento do índice xeral sen estacións de servizo é tamén superior en España, 3,8%, fronte ao 2,2% galego. Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 2,4%, 2,3 puntos menos que en España (4,7%). O Resto de produtos rexistra un incremento das súas vendas en Galicia do 1,9%, inferior ao de España (3,1%).

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 5,1% en Galicia e o 3,8% en España. As vendas en Galicia incrementáronse na Alimentación un 1,7% e no Resto un 5,7%. No conxunto de España as vendas en Alimentación creceron un 3,4% e no Resto un 2,9%.



Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,1%.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,8% no mes de setembro en Galicia, máis que no conxunto de España (1,6%).

No que vai de ano, a ocupación crece o mesmo en Galicia e en España, 1,8%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en setembro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Canarias (4,5%) e Illes Balears (3,3%). En senso contrario, Cantabria (0,4%) e Castilla - La Mancha (0,5%) rexistran os menores crecementos.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias (5,1%) e Illes Balears (4,9%) e o menor en Castilla - La Mancha (0,6%).

## Índice xeral de ocupación. Setembro 2017

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$  é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	99,2	3,1	5,1	93,0	1,1	2,3
Xeral sen estacións de servizo	96,9	2,2	4,2	90,8	0,7	2,0
Alimentación	102,5	2,4	1,7	90,3	1,3	0,4
Resto	93,0	1,9	5,7	91,0	0,9	3,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	98,2	4,1	3,8	92,1	2,2	1,2
Xeral sen estacións de servizo	98,4	3,8	3,1	92,1	2,3	1,3
Alimentación	109,9	4,7	3,4	96,9	3,4	2,3
Resto	90,8	3,1	2,9	88,4	2,0	1,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	100,9	3,1	5,3	93,6	0,8	2,6
Xeral sen estacións de servizo	98,6	2,3	4,5	91,2	0,5	2,4
Alimentación	103,4	1,2	2,0	91,2	0,3	0,7
Resto	95,3	2,9	6,1	91,7	1,5	3,7
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	100,3	4,1	4,0	93,3	2,1	1,6
Xeral sen estacións de servizo	100,7	3,7	3,4	93,5	2,5	1,6
Alimentación	110,9	4,9	3,7	97,6	3,6	2,7
Resto	94,4	3,5	3,2	90,6	2,3	1,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>98,2</b>	<b>4,1</b>	<b>3,8</b>	<b>92,1</b>	<b>2,2</b>	<b>1,2</b>
Andalucía	93,8	4,9	3,8	87,9	2,9	1,3
Aragón	94,3	6,9	4,0	88,9	5,4	1,7
Asturias	90,8	3,1	3,2	85,7	1,5	0,8
Balears, Illes	134,3	4,5	5,6	125,1	2,3	3,0
Canarias	108,2	6,0	5,5	104,8	4,1	3,3
Cantabria	100,6	3,4	3,0	93,3	1,4	0,5
Castilla y León	96,7	4,1	3,8	90,4	2,2	0,9
Castilla-La Mancha	93,2	2,6	4,1	87,6	0,5	1,1
Cataluña	98,2	3,5	2,8	90,1	1,1	-0,1
Comunitat Valenciana	103,8	4,2	3,5	97,9	2,4	1,2
Extremadura	97,2	2,7	1,9	92,1	1,4	-0,2
<b>GALICIA</b>	<b>99,2</b>	<b>3,1</b>	<b>5,1</b>	<b>93,0</b>	<b>1,1</b>	<b>2,3</b>
Madrid	95,3	3,7	3,9	90,0	1,8	1,6
Murcia, Región de	90,8	3,7	3,3	85,7	2,5	1,1
Navarra	103,7	5,3	4,6	98,9	4,4	2,6
País Vasco	95,4	3,6	2,6	89,2	1,7	0,1
Rioja, La	100,1	5,1	5,8	93,8	3,1	2,9
Ceuta	93,6	0,4	1,3	89,8	-1,0	-0,9
Melilla	93,8	-1,1	0,7	90,8	-3,1	-1,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Setembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	100,5	1,8	1,8
Xeral sen estacións de servizo	100,1	1,6	1,6
<b>España</b>			
Xeral	100,6	1,6	1,8
Xeral sen estacións de servizo	100,7	1,5	1,8

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Setembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>100,6</b>	<b>1,6</b>	<b>1,8</b>
Andalucía	95,1	0,9	1,1
Aragón	98,3	1,2	1,7
Asturias	97,1	2,8	2,8
Balears, Illes	116,7	3,3	4,9
Canarias	109,1	4,5	5,1
Cantabria	103,1	0,4	1,0
Castilla y León	100,6	1,0	1,3
Castilla-La Mancha	99,9	0,5	0,6
Cataluña	103,3	0,8	1,3
Comunitat Valenciana	104,5	2,1	2,2
Extremadura	101,8	1,1	1,8
<b>GALICIA</b>	<b>100,5</b>	<b>1,8</b>	<b>1,8</b>
Madrid	97,1	1,6	1,7
Murcia	97,6	2,9	2,4
Navarra	98,6	1,8	1,6
País Vasco	100,3	0,9	1,4
Rioja, La	103,1	2,3	2,0
Ceuta	103,8	1,9	1,0
Melilla	104,0	0,5	1,3

Fonte: INE